



Descubre as orixes da  
lingua galega ao mesmo  
tempo que percorres a  
historia de Santiago de  
Compostela.

# COMPOSTELA E AS ORIXES DA LINGUA



Departamento de Lingua  
Galega. Concello de  
Santiago de Compostela

# DESCRICIÓN

Neste paseo descubriremos como parte do noso **léxico** habitual provén de linguas faladas no noso territorio antes mesmo da chegada do Imperio Romano. Desvelarase como esas linguas influirán tamén na aprendizaxe e na **pronuncia** do latín para condicionar o posterior florecemento do noso romance, o galego-portugués. Incidirase na división medieval do idioma en dous reinos: destacarase a aparición da **diglosia** no territorio galego e a implantación do galego-portugués como **idioma da corte** en territorio portugués. Xa na parte final, repasaremos brevemente as perspectivas variadas desde as que se afronta a recuperación do galego escrito desde o Rexurdimento.

A duración do paseo é de **2 horas** e ten **doce paradas**: a primeira a praza da Pescadería Vella. As demais paradas percorren a zona vella, o parque de Bonaval e o de Belvís, até finalizar na igrexa de San Fiz de Solovio.

Para facilitar a audición, distribuiranse **radioguías**. Ao longo do paseo mostraranse imaxes impresas e poranse diversos audios para facilitar a contextualización de partes do discurso falado.

# OBXECTIVOS

Divulgar a orixe e a diversidade do desenvolvemento do noso idioma.

- Fomentar a reflexión sobre o potencial do galego na sociedade actual.
- Dar pistas sobre as orixes de Santiago de Compostela e a súa relación coa lingua galega.

# SOLICÍTAO

Este paseo guiado poden solicitalo de xeito **gratuito** os **centros de ensino** que o desexen. Para iso deben dirixirse ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela.

**Contacto: 981 542 409 | [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal)**

Dirixido a **alumnado de 4º da ESO, 1º e 2º de BAC e a público adulto**. Para grupos de 30 persoas como máximo.



3 Praza do Obradoiro

5 San Martiño Pinaro

4 Praza da Quintana

6 San Paio de Antealtares

8 Praza de Salvador Parga

7 Praza do Campo

1 Praza da Pescadería Vella

2 Praza de de Feixoo

12 Praza de San Fiz de Solovio

9 Parque de Bonaval

10 Praza de San Pedro

11 Miradoiro de Belvís